


# RESOLUCIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS



DEREITO  
SOCIAL  
REVISTA  
CALLEGA  
DE

## RECURSOS E SANCIONES

DEREITO  
SOCIAL

REVISTA  
GALLEGA  
DE

## RESOLUCIÓN DE 15 DE FEBREIRO DE 2000

Examinado el recurso formulado por la empresa de referencia contra la resolución dictada en el expediente sancionador iniciado a raíz del levantamiento del Acta de infracción señalada y, teniendo en cuenta los siguientes

### **Hechos**

PRIMERO.- Que por la Inspección Provincial de Trabajo y Seguridad Social se levantó la mencionada Acta por incumplimiento de lo dispuesto en artículo 35.2 del Texto Refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, aprobado por R.D. Legislativo 1/95, de 24 de marzo, al realizarse un número de horas extraordinarias durante el año superior al legal por parte de una serie de trabajadores.

Tal infracción, tipificada y cualificada como GRAVE en el artículo 95.4 del R.D.L. 1/95, de 24 de marzo, que aprueba el Estatuto de los Trabajadores, apreciándose la sanción correspondiente en su grado MÍNIMO, al amparo de lo dispuesto en los artículos 36 y 37 de la Ley 8/88, de 7 de abril, de infracciones y sanciones en el orden social, proponiéndose la imposición de una multa de 50.100 pesetas.

SEGUNDO.- Después del informe-propuesta de resolución emitido por la Inspección de Trabajo en el sentido de confirmar el Acta, por la Delegación Provincial de Pontevedra en Vigo de la Consellería de Justicia, Interior y Relaciones Laborales el 28.10.99 se dictó Resolución en la que en su parte dispositiva estimó procedente imponerle a la empresa una sanción de 50.100 pesetas.

TERCERO.-Contra la antedicha Resolución la empresa interpuso en tiempo y forma recurso, en el que solicitaba que se dejase sin efecto la sanción impuesta, de acuerdo a las alegaciones que estimó más convenientes a su derecho y que, por economía procesal, se dan aquí por íntegramente reproducidas.

CUARTO.- En la tramitación del presente recurso se observaron los requisitos y prescripciones legales.

### **Fundamentos**

PRIMEIRO.-Que la competencia de esta Dirección Xeral de Relacións Laborais, para conocer del presente expediente viene determinada por el Real Decreto 2.412/1982, de 24 de julio (BOE de 28 de septiembre), sobre traspaso de competencias en materia de trabajo a la Comunidad Autónoma de Galicia; Decreto de Galicia 117/1982, de 5 de octubre (DOG de 19 de octubre), Decreto 227/1998 de 10 de julio (DOG 06.08.98) de la Estructura Orgánica de esta Consellería y demás disposiciones de general y pertinente aplicación.

SEGUNDO.- No es cierto que la resolución de instancia carezca de motivación, ya que la misma pese a que sucintamente recoge la realidad de los hechos que no es otra que la constatación de la Inspectora actuante de la realización por parte de trabajadores de la mercantil de un número de horas extraordinarias superior al permitido legalmente, y la ausencia de justificación por parte de la ahora recurrente sobre su compensación de alguna forma de las permitidas legalmente, ya que por otra banda no se puede aceptar la argumentación de que el exceso horario viene producido por la peculiar actividad de la empresa, dependiente del ritmo de la actividad portuaria, pues de aceptar dicha argumentación nos encontraríamos en una inconcreción total con respecto al horario de los trabajadores de la empresa, no pudiéndose denominar funcionamiento anormal de la empresa la realización de 279 o 222 horas extraordinarias anualmente; por lo anteriormente expuesto y dado el valor y fuerza probatoria que se le deben atribuir a las actas levantadas por la Inspección de Trabajo, según dispone el artículo 52 de la Ley 8/88, al no ser esta destruida con prueba suficiente en contrario y estimando adecuada la tipificación y calificación que de la infracción se hace, procede confirmar la resolución de instancia en todos sus extremos.

TERCERO.- Finalmente, con respecto a la suspensión del acta recurrida tenemos que señalar que de acuerdo con el artículo 138.3 de la Ley 30/92 las resoluciones en los procedimientos sancionadores sólo serán ejecutivos cuando pongan fin a la vía administrativa, por lo que la resolución de la delegación al

interponerse recurso de Alzada no es ejecutiva y por lo tanto no se hace efectiva hasta la resolución del presente recurso.

Vistos los preceptos legales citados y demás de general aplicación, esta Dirección General de Relaciones Laborales

## Resuelve

DESESTIMAR el recurso interpuesto por doña E.D.F. en representación de la empresa “C.N., S.A.” contra la Resolución de fecha 28.10.99 acordada por la Delegación Provincial de Pontevedra en Vigo de la Consellería de Justicia, Interior y Relaciones Laborales y confirmar la sanción de multa de 50.100 pesetas impuesta a la misma por las dos infracciones constatadas.

## RESOLUCIÓN 15 FEBREIRO DE 2000

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da acta de infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

### Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada acta, por incumprimento do disposto no artigo 81 do R.D. Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, e artigo 8.2.a) da Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical por transgresión dos dereitos dos representantes dos traballadores.

Tal infracción, tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 95.8 do R.D.L. 1/95. Do 24 de marzo, que aproba o Estatuto dos Traballadores, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto nos artigos 36 e 37 da Lei 8/88, do 7 de abril, de infraccións e sancións na orde social, proponéndose a imposición dunha multa de 50.001 pesetas.

SEGUNDO.- Logo do informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial de Pontevedra en Vigo da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 09.11.99 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 50.001 pesetas.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a Acta de Inspección conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTO.- Na tramitación do presente recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

### Fundamentos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto de Galicia 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 227/1998, do 10 de xullo (DOG 06.08.98) da Estructura Orgánica desta consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- O alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose a recorrente a facer meras interpretacións

acomodaticias ó seu propio interese, intentando converter un impedimento ó dereito de información dos traballadores por parte dos seus representantes sindicais (necesidade de presentar con anterioridade ó empresario a documentación que se colocaría no taboleiro) nunha simple actividade de control de carácter inocuo; o certo é que para a colocación do taboleiro xa tivo que ser requirido pola inspección e posteriormente e tal como consta na acta impediu a libre información por parte dos sindicatos; por outra banda, o recorrente alega a falta de requirimento previo por parte da Inspección de Traballo, que ó seu entender tiña que facerse preceptivamente con anterioridade ó levantamento da acta.

Por outra banda, a posibilidade de elaborar o requirimento non constitúe por si período suspensivo ningún que impida o inicio do procedemento sancionador por medio de acta, circunstancia que se deduce do exposto no derradeiro parágrafo do artigo 43.2 da Lei 31/95 de prevención de riscos laborais, que faculta ó inspector, en coordinación co punto primeiro, a elaborar a Acta no mesmo período de tempo que levanta o requirimento, por iso quedando suficientemente acreditada a infracción a través da acta da inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/88, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, ó non ser esta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

## **Resolve**

DESESTIMA-LO recurso interposto por don J.L.G.F. en representación da empresa “T.G., S.L.”, contra a Resolución de data 09.11.99 acordada pola Delegación Provincial de Pontevedra en Vigo da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 50.001 ptas. Imposta á mesma.

## **RESOLUCIÓN DE 8 DE MAIO DE 2000**

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

## **Feitos**

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no:

1.- Artigo 3.a), parte C, anexo IV en relación co artigo 11.1.c), ambos do R.D. 1.627/97, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, así como artigo 192 da Ordenanza Laboral da Construción (O.M. 28.08.70) en relación coa Disposición Derradeira Primeira nº 2 do Convenio Colectivo xeral do sector da construción, Resolución do 04.05.92; ó carecer todo o perímetro –de 8 por 9 metros aproximadamente- de varanda ou outro medio de protección colectiva que evitara o risco de caída de 12.60 metros de altura.

2.- Artigo 3.a), parte C, anexo IV, en relación co artigo 11.1.c), do R.D. 1.627/97, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, así como artigo 187 da Ordenanza Laboral da Construción (28.08.70), en relación coa Disposición Derradeira Primeira nº 2 do Convenio Colectivo xeral do sector da construción, Resolución do 04.05.92; ó existir un oco no descanso da escaleira de comunicación da 2ª á baixocuberta, a nivel de chan, destinado a ventá, de 1.5 metros de

ancho, a que carecía de varanda ou outro medio de protección colectiva que evitara o risco de caída de 9.80 metros de altura.

3.- Artigo 3.a), parte C, anexo IV en relación co artigo 11.1.c) do R.D. 1.627/97 citado, en relación co artigo 187 da Ordenanza Laboral da Construcción citada; o esta-lo maquinillo colocado á altura da baixocuberta, nunha terraza, carecendo esta de varanda ou outro medio de protección colectiva fronte ó risco de caída de 10 metros de altura.

4.- Artigo 60 parágrafo terceiro da Ordenanza Xeral de seguridade e hixiene no traballo (O.M. 09.03.71); ó usarse unha formigoneira coa toma de corrente mediante cables espidos.

5.- Artigo 1.1, anexo I en relación co artigo 3.1.b) do R.D. 1.215/97, do 18 de xullo, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo; ó utilizarse na obra unha formigoneira que tiña o mando de accionamento preto do motor eléctrico ó lado da correa de transmisión carecendo esta de carcasa ou outro medio de protección con risco de proxección violenta para o traballador.

Tales infraccións, tipificadas e cualificadas como GRAVES as tres primeiras e LEVES as outras dúas nos artigos 47.16.f) e 46.4 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, apreciándose as sancións resultantes en graos MÍNIMO as tres primeiras e MÁXIMO as outras dúas, ó abeiro do disposto no artigo 49 da antedita lei, proponéndose a imposición dunha multa de 250.001 pesetas por cada unha das tres infraccións graves e 100.001 por cada unha das dúas infraccións leves; facendo un total de 950.005 pesetas.

SEGUNDO.- Logo do informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial de Pontevedra en Vigo da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 21.12.99 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 950.005 pesetas.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a Acta de inspección, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

## **Fundamentos**

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto de Galicia 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 227/1998 do 10 de xullo (DOG 06.08.98) da Estructura Orgánica desta consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Que as alegacións aducidas pola recorrente non poden ter favorable acollida nesta instancia, xa que os feitos obxecto de infracción foron comprobados directa e persoalmente pola actuario, feitos estes que pola súa propia natureza eran susceptibles de seren aprehendidos polo sentido da vista da funcionaria, este é, constatables de forma directa, sen que se precisase a intermediación doutro soporte probatorio. Como queira que a recorrente tampouco achega ó expediente proba suficiente en contrario que poida destruí-la presunción de certeza e veracidade que ás actas levantadas pola Inspección de Traballo lles atribúe o artigo 52 da Lei 8/88, procede desestima-lo recurso e confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

TERCEIRO.- Non pode ser admitido o alegado pola recorrente, en canto se trata dunha infracción e non de tres graves debido a que o precepto infrinxido é un só, xa que o relevante é que se trata de tres feitos ilícitos independentemente das disposicións normativas que se lle apliquen.

CUARTO.- Ante a alegación referente á presuntamente incorrecta gradación da sanción imposta, temos que sinalar que a mesma impúxose dentro dos límites establecidos nos artigos correspondentes da lei substantiva de aplicación, graduándose tendo en conta as circunstancias moduladoras da responsabilidade

xa recollidas na acta e que ó longo do procedemento non foron desvirtuadas polo agora recorrente co que a sanción enténdese que é proporcional ás circunstancias e polo tanto procede confirmala na súa totalidade.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais,

## **Resolve**

DESESTIMA-LO recurso interposto por don M.N.F. en representación da empresa “C.N.H., S.L.” contra a Resolución de data 21.12.99 acordada pola Delegación Provincial de Pontevedra en Vigo da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 950.005 ptas. Imposta á mesma.

## **RESOLUCIÓN DO 23 DE XUÑO DE 2000**

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes,

## **Feitos**

PRIMEIRO: Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 16 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais; o incumpri-la empresa a súa obriga de avalia-lo risco.

Tal infracción, tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.1 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49 da antedita lei, propoñéndose a imposición dunha multa de 250.001 pesetas.

SEGUNDO: Logo do Informe- proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial de Pontevedra en Vigo da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 02.02.00 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 250.001 pesetas.

TERCEIRO: Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a Acta de Inspección, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTO: Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

## **Fundamentos**

PRIMEIRO: A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 227/1998 do 10 de xullo (DOG 06.08.98) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO: O alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce ningunha cuestión nova que non fora tida en conta, limitándose a recorrente a facer meras interpretacións acomodaticias ó seu propio interese, a mera solicitude de avaliación de riscos non destrúe o feito infractor

existente no momento da visita, tampouco pode admitirse a pretensión do desvío da responsabilidade que ten a empresa nesta materia á falta de dilixencia das mutuas, debido a que dende a entrada en vigor da normativa que esixe este requisito a empresa tivo tempo máis que suficiente para cumprilo.

Por iso quedando suficientemente acreditada a infracción a través da Acta de Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/88, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, ó non ser esta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

## **Resolve**

Desestima-lo recurso interposto por don G.L.R. en representación da empresa “V.C., S.A.”, contra a Resolución de data 02.02.00 acordada pola Delegación Provincial de Pontevedra en Vigo da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 250.001 ptas. imposta a esta.

## **RESOLUCIÓN DO 23 DE XUÑO DE 2000**

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes,

## **Feitos**

PRIMEIRO: Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no:

1. Artigo 3.a), Parte C, Anexo IV en relación co artigo 11.1.c), ambos do R.D. 1.627/97, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, así como o artigo 192 da Ordenanza Laboral da Construción (O.M. 28.08.70) en relación coa Disposición Derradeira Primeira nº 2, do Convenio Colectivo Xeral do Sector da Construción, Resolución do 04.05.92; ó encontrarse o traballador traballando no tellado na colocación da tella, carecendo o lateral do mesmo de rede de seguridade, varanda ou outro medio de protección colectiva que evitara o risco de caída e, ó carecer todo o perímetro do lado sur, constituído por salientes de terrazas, de tódalas plantas -1ª a 3ª- de varanda ou outro medio de protección colectiva que evitara o risco de caída de ata 10 metros de altura na 3ª planta.
2. Artigo 1.1 Anexo I en relación co artigo 3.1.b) do R.D. 1.215/97, do 18 de xullo, polo que se establecen disposicións mínimas de Seguridade e Saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo; ó utilizarse na obra unha formigoneira onde o mando de accionamento se atopaba próximo ó motor eléctrico ó lado da correa de transmisión carecendo esta de carcasa ou outro medio de protección con risco de proxección violenta para o traballador.

Tales infraccións, tipificadas e cualificadas como LEVES no artigo 46.4 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, apreciándose as sancións resultantes en grao MEDIO, ó abeiro do disposto no artigo 49.1 da antedita lei, propoñéndose a imposición dunha multa de 50.001 pesetas por cada unha das tres infraccións; facendo un total de 150.003 pesetas.



SEGUNDO: Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA en VIGO da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 21.12.99 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 150.003 pesetas.

TERCEIRO: Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a Acta de Inspección, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTO: En vía de recurso, solicitouse informe á Inspección de Traballo, este foi emitido confirmando de novo a acta.

QUINTO: Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

## **Fundamentos**

PRIMEIRO: A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 227/1998 do 10 de xullo (DOG 06.08.98) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO: O alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce ningunha cuestión nova que non fora tida en conta, limitándose a recorrente a facer meras interpretacións acomodaticias ó seu propio interese, dado que o alegado respecto á 1ª infracción non pode ser admitido xa que en traballos de altura unicamente pode substituírse a protección individual (cinto de seguridade) pola colectiva (varandas, redes de seguridade...) cando pola natureza de traballo non fora posible o uso destas derradeiras medidas.

Por outra banda, a 2ª e 3ª infracción mantéñense porque as medidas de seguridade deben cumprirse dende o inicio ó remate da obra. Por iso quedando suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/88, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, ó non ser esta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

## **Resolve**

Desestima-lo recurso interposto por don J.A.A.M. en representación da empresa "C.A.M., S.L.", contra a Resolución de data 21.12.99 acordada pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA en Vigo da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 150.003 ptas. imposta a esta.

## RESOLUCIÓN DO 23 DE XUÑO DE 2000

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes,

### **Feitos**

PRIMEIRO: Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no:

Artigo 45 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais por incumprimento do disposto nos artigos 4.2.d) e 19 da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobada por Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, en relación cos artigos 14.3 e 17 da Lei de prevención de riscos laborais xa citada e o artigo 193 da Ordenanza Laboral da Construcción (O.M. 28.08.70) vixentes en aplicación da Disposición Derradeira Primeira nº 2 do Convenio Xeral do Sector; artigo 3.b) da parte C do anexo IV do Real Decreto 1.627/97, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción; e artigos 3º e 7º e Anexo IV. 9 do Real Decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre equipos de protección individual; pola falta de medidas de protección fronte ó risco de caída de altura.

Artigo 45 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, por incumprimento do disposto nos artigos 4.2.d) e 19 da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobada por Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, e punto 15 da parte A) do anexo IV do Real Decreto 1.627/97, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción; ó carece-la obra visitada de locais ou casetas prefabricadas destinadas a aseos dos traballadores, nin a máis mínima dotación relativa a retretes, inodoros, duchas ou lavabos. Igualmente non existen vestiarios axeitados para os traballadores, nin taquillas ou armarios para a roupa.

Tales infraccións, tipificadas e cualificadas como GRAVE, a 1ª e LEVE a 2ª nos artigos 47.16.f) e 46.4 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, apreciándose as sancións resultantes en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49 da antedita lei, propoñéndose a imposición dunha multa de 250.100 pesetas pola 1ª infracción e 50.000 pesetas pola 2ª infracción; facendo un total de 300.100 pesetas.

SEGUNDO: Logo do informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial da Coruña da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 01.02.00 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 300.100 pesetas.

TERCEIRO: Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a Acta de Inspección, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTO: Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

### **Fundamentos**

PRIMEIRO: A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 227/1998 do 10 de xullo (DOG 06.08.98) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO: A recorrente admite os feitos e alega que unicamente un traballador carecía de medidas de protección, indicarlle que o número de traballadores afectados non exime da existencia da infracción, esta existe independentemente do número de afectados, a maior abundamento o empresario ten a obriga non só de darlle os medios de protección senón que vén obrigado ó deber de vixilancia do seu uso (S.T.S. 24.09.96).

Por outra banda, con respecto á pretendida ausencia de culpabilidade tense que sinalar que dito concepto en canto relación psicolóxica de causalidade entre o axente e o resultado tipicamente punible non é elemento esencial para a existencia de infraccións sancionables en materia de seguridade e hixiene no traballo, pois o castigado nese ámbito é o mero incumprimento dos preceptos normativos, independentemente de que acaeza un dano efectivo ou unha situación de perigo, pois na orde contencioso-administrativo o elemento voluntarista opera unicamente como elemento agravante.

TERCEIRO: Ante a alegación referente á presuntamente incorrecta gradación da sanción imposta, temos que sinalar que a mesma impúxose dentro dos límites establecidos nos artigos correspondentes da lei substantiva de aplicación, graduándose tendo en conta as circunstancias moduladoras da responsabilidade xa recollidas na acta e que ó longo do procedemento non foron desvirtuadas polo agora recorrente co que a sanción enténdese que é proporcionalmente ás circunstancias e polo tanto procede confirmala na súa totalidade.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS.

### ***Resolve***

DESESTIMA-LO recurso interposto por don R.S.O. en representación da empresa “B.C., S.L.” contra a Resolución de data 01.02.00 acordada pola Delegación Provincial da CORUÑA da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 300.100 ptas. imposta a esta.

**REGULACIÓN DE EMPREGO**

**REVISTA  
GALLEGA  
DE  
DEREITO  
SOCIAL**

## RESOLUCIÓN DE 22 DE XUÑO DE 2000

Examinado o expediente de regulación de emprego referido na marxe, do que se coñece en virtude do recurso de alzada formulado por dona M.P.G.V., en representación do Fondo de Garantía Salarial, contra a resolución de data 12.11.99, da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de A Coruña, e tendo en conta os seguintes

### Feitos

PRIMEIRO: En data 29.10.99 e por don J.L.F.R., don A.A.D.E. e don A.C.B., membros da Comisión Liquidadora da empresa “M.S.M” nº 376, foi presentada na Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de A Coruña, solicitude instando autorización para proceder á extinción das relacións xurídico-laborais cos nove traballadores que compoñen a totalidade do cadro de persoal da mesma, catro pertencentes ó centro de traballo que a empresa posúe na Coruña, e cinco ó de Santiago de Compostela, con efectos desde o 1 de novembro de 1999.

A empresa fundamenta a solicitude referida en causas tecnolóxicas, organizativas e de produción, derivadas da extinción da personalidade xurídica do contratante (Art. 49.1.g) do ET).

O período de consultas rematou con Acordo segundo consta na Acta do Acordo final do período de consultas de data 29.10.99, aportada pola empresa.

SEGUNDO: Pola Delegación Provincial de A Coruña, e consonte ó sinalado no art. 51.3 do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo e 9 do Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, comunicouse o inicio do expediente á Entidade Xestora da prestación por desemprego e conseguiuuse o preceptivo informe da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social, sendo este último do seguinte teor literal:

*“En relación con el expediente nº 168/99 iniciado a petición de la empresa “M.S.M.” nº 376 en el que se solicita autorización para proceder a la extinción de los contratos de trabajo de los nueve trabajadores de su plantilla, debemos emitir el siguiente INFORME:*

*Examinada la documentación aportada en el expediente que incluye la memoria de las causas explicativas así como el acuerdo firmado por los trabajadores respecto a la realidad de dichas causas queda a nuestro juicio acreditada la realidad de la causa económica invocada relativa a la inviabilidad de la empresa como servicio médico mancomunado. Así mismo juzgamos que esta causa queda englobada dentro del concepto de causa económica recogido en el artículo 51 de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, en su Texto Refundido aprobado por RD Legislativo 1/1995, de 24 de marzo (BOE del 29). Por lo tanto, no apreciándose tampoco la existencia de fraude, dolo, coacción o abuso de derecho en la conclusión del acuerdo estimamos que la resolución del expediente debe de ser estimatoria en relación con la causa alegada”.*

TERCEIRO: Así, e logo da oportuna tramitación e instrucción do expediente, a Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais en data 12.11.99, dictou a Resolución que agora se impugna, pola que se resolve:

**“PRIMEIRO.- AUTORIZAR á empresa “M.S.M” (nº 276) para que proceda á EXTINCIÓN das relacións xurídico-laborais dos NOVE traballadores que compoñen o seu cadro de persoal nos centros de traballo de A Coruña e Santiago de Compostela, os cales se nomean na lista anexa, ó terse extinguido a **personalidade xurídica da empresa** contratante coa súa disolución e liquidación, e iso con efectos dende a data da presente resolución.**

**SEGUNDO.- A empresa deberá remitir á Dirección Provincial do INEM, no prazo de DEZ DÍAS os documentos de cotización actualizados (TC-2 dos últimos seis meses) e pola súa parte o persoal afectado procederá a inscribirse na correspondente oficina no prazo de QUINCE DÍAS achegando certificado de empresa individualizado.**

*TERCEIRO.- Que da documentación achegada e demais actuacións practicadas no expediente dedúcese que a causa invocada para que se autorice a extinción das relacións xurídico-laborais dos nove traballadores que compoñen o cadro de persoal da empresa vén baseada en que por xunta extraordinaria de tódolos socios da entidade mercantil “M.S.M.” nº 376, celebrada o 20.09.99 acordouse **disolver a mancomunidade**, coa súa conseguinte liquidación, e iso supón a correspondente **extinción da personalidade xurídica da contratante**, que motiva a **extinción** dos contratos de traballo existentes en tal empresa, nos centros de traballo de A Coruña e Santiago de Compostela, conforme ó establecido no parágrafo terceiro do artigo 49.1.g) do Estatuto dos Traballadores, se ben a data das extincións solicitadas serán con efectos dende a data da presente resolución, ó non ter efectos retroactivos a causa motivadora do presente expediente.”*

CUARTO: Contra a antedita Resolución interpúxose o Recurso de Alzada citado no encabezamento, no que tralas consideracións e argumentacións que consideraron máis oportunas en defensa da súa pretensión, solicitan se dicte nova Resolución na que se exprese que o FOGASA, dadas as circunstancias do expediente presentado, non ten a obriga de participar no aboamento do 40% da indemnización legal que corresponda ós traballadores, suprimíndose ó efecto do acordo 3º da Resolución a última parte do mesmo que fai referencia á participación do FOGASA.

QUINTO: Do escrito de recurso deuse traslado pola Delegación Provincial á empresa, así como ós traballadores afectados polo presente expediente, para o efecto de que á vista deste, formularan as alegacións que estimasen oportunas, evacuándose dito trámite mediante a presentación dos oportunos escritos, no que tralas consideracións que estimaron convenientes solicitan se confirme o contido da resolución obxecto do recurso.

SEXTO: De acordo co establecido no art. 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de A Coruña, remitiu os escritos de recurso e alegacións, e mailo seu preceptivo informe, xunto co correspondente expediente.

SÉTIMO: Na tramitación do presente recurso, así como no expediente do que trae causa, observáronse tódolos requisitos e prescricións legais.

## **Fundamentos**

PRIMEIRO: A competencia da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, vén determinada polo Real Decreto 1.999/1984, do 12 de setembro (BOE 12.11.84), sobre traspaso de funcións e servizos en materia de Regulación de Emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG 17.01.85), Decreto 227/1998, do 10 de xullo (DOG 06.08.98) en relación co Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e as súas normas de desenvolvemento.

SEGUNDO: Respecto das alegacións aducidas pola recorrente á través do recurso de alzada presentado, así coma a petición final efectuada, de modificar o contido da resolución obxecto da mesma, hai que sinalar que aquelas carecen de virtualidade xurídica algunha, non desvirtuándose en ningún caso o acerto da devandita resolución polo que non debe resultar modificado o seu contido; resolución que polo demais se limita a autoriza a medida extintiva solicitadas, logo de constatadas as causas invocadas e á vista do Acordo acadado no preceptivo período de consultas, así coma do informe favorable emitido pola Inspección de Traballo e Seguridade Social; todo isto en uso das competencias propias da Autoridade Laboral, que nos expedientes de regulación de emprego se circunscribe, como xa se mencionou á constatación da causa e, no seu caso, á correspondente autorización, feitos estes cos que en ningún momento amosa a súa desconformidade a recorrente.

Polo anteriormente exposto é polo que se debe desestimar o recurso presentado, non procedendo modifica-la resolución impugnada, todo isto sen prexuízo de que as controversias que se produzan ante reclamacións sobre a cuestión controvertida, así coma calquera outra discrepancia ou reclamación que poida xurdir respecto das indemnizacións se deduzan diante da orde xurisdiccional competente, non correspondendo a esta instancia o seu coñecemento.

Así, vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS,

### **Acorda**

DESESTIMA-LO recurso de alzada presentado por dona M.P.G.V., en representación de FONDO DE GARANTÍA SALARIAL, contra a resolución de data 12.11.99, dictada pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de A Coruña, no expediente de regulación de emprego nº 1876/99 promovido pola empresa “M.S.M” nº 376 e na súa consecuencia, CONFIRMA-LA citada resolución en tódolos seus extremos.